



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Maio 2024

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Maio 2024


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en case 7 puntos á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,8%, taxa inferior en 5 puntos á do mes anterior.
- En todas as comunidades autónomas, agás no País Vasco, aumenta a cifra de negocios no mes de maio.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,9% e en España un 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de maio.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en case 7 puntos á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,8%, taxa inferior en 5 puntos á do mes anterior.



O *Comercio*, cun decrecemento do 1,3%, achega -1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 7,8%.

En España a facturación no *Comercio* crece o 2,5% e nos *Outros servizos* o 6%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra unha diminución do 4,5%, co que achega -2,4 puntos a taxa de variación do índice xeral e a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 19,2% sumando 0,9 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 8,4% e o *Comercio por xunto* o 0,9%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 7,8%. Rexistran crecementos *Transporte* (7,1%), *Hostalería* (5,4%), *Información e comunicacións* (19,1%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,6%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior incremento prodúcese na *Hostalería* (10,8%).

No acumulado do ano, a cifra de negocios aumenta un 1,6% en Galicia e un 2,8% en España. A *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra o maior incremento tanto en Galicia como en España mentres que *Comercio por xunto* é o sector con maior caída, -2,9% en Galicia e -2,3% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 7,3% no mes de maio.


O sector con maior incremento é *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (21,6%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas agás no País Vasco respecto ao mesmo mes do ano anterior. La Rioja (8%) e Canarias (6,5%) son as comunidades con maior incremento da facturación. No País Vasco a facturación diminúe un 1,6%.

Nos cinco primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en La Rioja (12,1%) e Illes Balears (7,1%). Diminúe a facturación en Aragón (-1,3%) e País Vasco (-0,5%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2024

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,9% respecto ao mes de maio de 2023, 0,1 puntos máis que en España (1,8%).

O persoal ocupado crece un 0,8% no *Comercio* e un 2,6% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é a *Venda e reparación de vehículos e motocicletas* (4,5%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,8% tanto no *Comercio* como nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Venda e reparación de vehículos e motocicletas* (2,7%).



No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,9% en Galicia e un 2% en España. *Hostalería e Información e comunicacións* rexistran os maiores incrementos tanto en Galicia como en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2023. As taxas máis elevadas rexístranse en Canarias (3,3%) e Cantabria (2,6%).

Nos cinco primeiros meses do ano, todas as comunidades incrementan o persoal ocupado, rexistrando os maiores crecementos Canarias (3,2%) e Murcia (2,8%).

Índices de persoal ocupado. Maio 2024

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	131,3	1,0	1,6
Comercio	131,4	-1,3	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	134,3	19,2	23,6
Comercio por xunto	135,6	-4,5	-2,9
Comercio ao retallo	118,1	2,4	4,3
Outros servizos	131,0	7,8	4,6
Transporte	140,8	7,1	0,4
Hostalería	157,2	5,4	4,8
Información e comunicacións	131,2	19,1	18,9
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,2	4,6	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,5	8,7	4,7
España			
Xeral	127,4	3,8	2,8
Comercio	124,6	2,5	1,0
Venta e reparación de vehículos de motor	142,2	8,4	10,6
Comercio por xunto	121,1	0,9	-2,3
Comercio ao retallo	127,0	3,5	4,8
Outros servizos	132,3	6,0	6,2
Transporte	135,8	3,1	2,7
Hostalería	165,5	10,8	8,9
Información e comunicacións	116,2	6,1	6,3
Actividades inmobiliarias	114,9	4,6	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,8	4,7	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	157,8	7,7	8,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	136,3	7,3	6,7
Comercio	130,6	3,9	6,0
Transporte	138,9	7,6	2,4
Hostalería	167,5	5,2	4,2
Información e comunicacións	133,3	16,5	17,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,8	21,6	12,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,4	8,4	4,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	127,4	3,8	2,8
Andalucía	133,6	4,7	5,4
Aragón	119,4	0,3	-1,3
Asturias	125,5	4,9	4,2
Baleares, Illes	162,6	6,2	7,1
Canarias	143,0	6,5	5,1
Cantabria	119,5	4,7	5,1
Castilla y León	121,9	6,2	3,4
Castilla-La Mancha	122,8	4,6	4,8
Cataluña	127,4	4,1	2,9
Comunitat Valenciana	128,2	4,8	4,9
Extremadura	122,3	1,6	3,0
GALICIA	131,3	1,0	1,6
Madrid	122,2	3,2	0,7
Murcia	125,4	3,3	2,4
Navarra	138,5	6,1	6,7
País Vasco	124,9	-1,6	-0,5
Rioja, La	132,6	8,0	12,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,1	1,9	1,9
Comercio	102,5	0,8	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	99,0	4,5	2,0
Comercio por xunto	102,5	0,6	1,4
Comercio ao retalho	103,3	0,3	0,1
Outros servizos	106,7	2,6	2,5
Transporte	100,5	1,3	1,3
Hostalería	113,1	1,9	3,1
Información e comunicacións	112,2	3,2	4,6
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,4	3,0	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	104,6	4,1	2,4
España			
Xeral	108,4	1,8	2,0
Comercio	105,3	1,8	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	2,7	2,2
Comercio por xunto	105,8	1,9	1,8
Comercio ao retalho	105,2	1,7	1,9
Outros servizos	110,1	1,8	2,1
Transporte	107,5	0,9	1,7
Hostalería	119,5	2,2	2,5
Información e comunicacións	111,4	1,7	2,6
Actividades inmobiliarias	100,7	-0,6	-0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,9	1,8	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	106,2	2,5	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,4	1,8	2,0
Andalucía	109,6	1,9	1,9
Aragón	103,6	2,3	2,3
Asturias	105,2	1,0	2,1
Balears, Illes	127,2	1,0	2,7
Canarias	112,2	3,3	3,2
Cantabria	104,2	2,6	1,2
Castilla y León	103,0	1,2	1,2
Castilla-La Mancha	105,9	1,0	1,1
Cataluña	109,3	1,9	2,3
Comunitat Valenciana	104,9	1,7	1,7
Extremadura	107,0	0,8	0,9
GALICIA	105,1	1,9	1,8
Madrid	109,6	2,0	2,1
Murcia	110,4	1,2	2,8
Navarra	106,0	1,8	1,1
País Vasco	104,3	1,5	1,2
Rioja, La	104,7	1,4	2,4

Fonte: INE